

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERIA DE ECONOMIA, EMPREGO E INDUSTRIA E A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DO GRANITO DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS PARA O CONTROL DA EXPOSICIÓN A RADÓN DOS TRABALLADORES DO SECTOR DO GRANITO E O ESTUDO DAS RADIACIÓNS EMITIDAS POR DIFERENTES MATERIAIS DE GRANITO

En Santiago de Compostela, a 23 de outubro de 2017.

REÚNENSE

, actuando en representación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en virtude das facultades que lle confire o Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia e o artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

, actuando en representación da Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia (en diante FCTGG), en virtude das facultades conferidas por decisión do Padroado, con domicilio e C.I.F.

As partes recoñécense mutua e respectivamente a capacidade suficiente para asinar este convenio de colaboración.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.-Que a Consellería de Economía, Emprego e Industria, por medio da Dirección Xeral de Enerxía e Minas ten, entre outras, as funcións sinaladas no Decreto 175/2015 de *"fomento da minería"*. Estas funcións concréntanse, entre outras, no impulso de *"plans, programas, medidas e incentivos económicos orientados ao desenvolvemento, á innovación, ao incremento da competitividade e á internacionalización do sector mineiro de Galicia"*.

SEGUNDO.- Que a FCTGG foi clasificada como de interese industrial pola Orde do 28 de xaneiro de 2004 e que foi declarada de interese galego pola Orde do 23 de febreiro de 2004 e ordénase a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Así mesmo, no Artigo 4º dos estatutos da FCTGG establécense o seu obxecto e as súas funcións que poden aliñarse coas funcións descritas no expoñendo PRIMEIRO anterior. En concreto, segundo o establecido no artigo 4.1, deses estatutos, *"o obxecto principal da FCTGG é contribuír ao fortalecemento, potenciación, crecemento e mellora da competitividade da industria do sector da pedra natural e os seus sectores complementarios, preferentemente en Galicia...para iso a Fundación traballará nos ámbitos dos procesos, os produtos, o márketing e a organización así como o seu control de calidade no sector da pedra natural e os seus sectores complementarios, preferentemente en Galicia"*.

No artigo 4.2 dise *"así mesmo, outros fins específicos da Fundación son:*

- A formación, orientación e asistencia tecnolóxica a entidades particulares, traballadores, empresas e calquera outro axente do sector da pedra natural e dos seus sectores complementarios; preferentemente aqueles radicados en Galicia.
- A mellora e innovación en materia de prevención de riscos laborais e de vixilancia da saúde no sector da pedra natural e dos seus sectores complementarios; preferentemente en Galicia.

Ademais, no seu apartado 4.3 di que *"A Fundación, para o logro efectivo do seu obxectivo e dos seus fins, levará a cabo, mediante o Centro Tecnolóxico do Granito, entre outras, as seguintes actividades:*

...

c) A realización e tramitación de proxectos sectoriais que potencien a competitividade e a innovación do sector da pedra natural e os seus sectores complementarios, preferentemente en Galicia.

d) A realización de servizos de asesoramento tecnolóxico que non estean estandarizados tales como: diagnósticos tecnolóxicos, estudos de viabilidade técnica e outros de similares características.

e) A atención ás necesidades tecnolóxicas e de competitividade das entidades e empresas que o requiran, prestando servizos de asistencia técnica, como a formación técnica especializada, a vixilancia e prospectiva tecnolóxica e de mercado, así como difusión de información e outros servizos análogos vinculados á xestión do coñecemento, a tecnoloxía, a innovación e a competitividade. Exclúense desta categoría as actividades de formación, difusión e servizos tecnolóxicos estandarizados e repetitivos, como ensaios e certificación contra normas con dilatado período de vixencia.

f) A colaboración na transferencia de resultados de investigación entre os organismos públicos e privados de investigación e as empresas, xa sexan pertencentes ao sector da pedra natural e os seus sectores complementarios ou non o sexan.

...

j) A difusión de información, coñecemento, oportunidades tecnolóxicas e boas prácticas de interese para a mellora da competitividade empresarial, especialmente pero non exclusivamente, no sector da pedra natural e os seus sectores complementarios.

...

m) Calquera outra actividade cuxos resultados sexan mellorar o coñecemento tecnolóxico e, a través da súa aplicación, o nivel tecnolóxico e competitivo das empresas e poidan contribuír deste xeito á creación de emprego, á mellora da calidade de vida, ao desenvolvemento sustentable e ao crecemento económico e social".

A FCTGG, a través das súas áreas de traballo, ademais de contar cunha gran experiencia no desenvolvemento de proxectos de interese para o sector e de desenvolver varios traballos preliminares que servirán de punto de partida no desenvolvemento das actividades ao amparo

deste convenio, conta cos medios materiais (bases de datos especializadas sobre a materia, equipamentos técnicos específicas, instalacións idóneas para a realización das análises de laboratorio requiridos, etc.) e persoais (equipo de profesionais adscritos ás súas áreas de traballo e que contan que os coñecementos e experiencia necesaria na materia) adecuados.

Ademais, estes estudos e traballos técnicos contaron coa colaboración da Asociación Clúster do Granito como ente profesional sectorial e aliñáronse co plan estratéxico sectorial e poden ser útiles para a realización das actividades ao amparo do presente convenio.

A título de exemplo podemos citar os seguintes:

- (2016) Avaliación ergonómica avanzada de postos de traballo no sector do granito en colaboración co sector empresarial do granito.
- (2016) Encontro técnico de tecnoloxías de seguridade no sector del granito colaborando co Cluster del Granito
- (2014-2015) Investigación dos métodos técnicos máis eficaces para a minimización do pó de sílice nos proceso de canteira, establecemento de beneficio e talleres respecto ao cumprimento da nova proposta de VLA ED para a fracción respirable de po de sílice.
- (2014) Tecnoloxías e prácticas de minimización de pó no sector do granito.
- (2011-2013) Convenio en materia de prevención de riscos laborais, xunto co Clúster do Granito.

TERCEIRO.- O sector da "Pedra Natural" de Galicia, no que se inclúe o granito, é un sector tradicional da economía galega considerado estratéxico nos diversos plans e estratexias que, co horizonte 2020, están deseñados pola Xunta de Galicia:

- Axenda de Competitividade de Galicia Industria 4.0
- Estratexia de Especialización Intelixente RIS3.
- Plan de internacionalización da empresa galega 2020.
- Axenda 20 para o emprego.

CUARTO.- Galicia é a rexión española con maiores recursos en canto materias primas, variedade de produtos e tradición na explotación e tratamento da pedra natural. Concretamente, a industria graniteira galega é, despois da italiana, a máis importante de Europa e a quinta do mundo. A industria da pedra en xeral baseou a súa vantaxe competitiva, nos últimos anos, nuns custos inferiores de produción e unha produtividade superior aos seus competidores principais, así como por desenvolvementos tecnolóxicos e certa automatización dos seus procesos produtivos. Dita vantaxe competitiva veu fortemente ameazada pola dinámica actual do sector, caracterizado por ser un sector cun compoñente de internacionalización moi alto. Polo que é necesario incrementar de maneira continuada a competitividade das súas empresas.

É un feito constatable a necesidade de mellorar a posición competitiva do sector ao través das melloras tecnoloxicamente viables, economicamente sostibles e que estean adaptadas ás

normativas na materia en estratexias e políticas de Prevención de Riscos Laborais e Vixianza da saúde; en concreto, no que atinxe ao radón e as súas consecuencias. Por iso, a Consellería de Economía, Emprego e Industria e o sector graniteiro, teñen como interese común coincidente desenvolver actuacións e proxectos que potencien a mellora do desempeño en materia de Prevención de Riscos Laborais e Vixianza da saúde na devandita materia.

QUINTO.- Que, en total aliñación co expoñendo CUARTO, a FCTGG, a través da realización deste convenio, realizará un conxunto de actividades e traballos no ámbito da Prevención de Riscos Laborais e Vixilancia da saúde; en concreto, no que atinxe ao radón tanto pola previsible modificación das normativas aplicables nesta materia curto e medio prazo como pola necesidade das empresas de mellorar o seu desempeño nestes eidos de xeito sostible.

SEXTO.- Que a tal fin, para o desenvolvemento do presente convenio, na Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, figura a aplicación orzamentaria 09.20.734A-781.1 no orzamento de gastos da Comunidade Autónoma para o ano 2017.

En virtude do anteriormente exposto, acórdase a firma do presente convenio de colaboración conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten como obxecto determinar o marco de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia para a realización de traballos para o control da exposición a radón dos traballadores do sector do granito e o estudo das radiacións emitidas por diferentes materiais de granito.

Como anexo I a este convenio, recóllese a descrición dos obxectivos e o alcance das actuacións.

SEGUNDA.- XUSTIFICACIÓN DA DIFICULTADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA PÚBLICA.

O feito de que o convenio teña como beneficiario á FCTGG basease na importancia de que as accións incluídas no incluso sexan desenvolvidas ao amparo dun ente de carácter técnico e profesional que, segundo o artigo 4º dos seus estatutos ten como obxecto principal ***“contribuír ao fortalecemento, potenciación, crecemento e mellora da competitividade da industria do sector da pedra natural e os seus sectores complementarios, particularmente en Galicia”***. En concreto, no artigo 4.2 dise ***“A mellora e innovación en materia de prevención de riscos laborais e de vixilancia da saúde no sector da pedra natural e dos seus sectores complementarios; preferentemente en Galicia”***.

Ademais, a FCTGG é socio técnico da Asociación Clúster do Granito que é a entidade profesional do sector graniteiro galego.

Deste xeito, vélese ademais pola intención da Xunta de Galicia de fomentar as actuacións colectivas, xuntando os esforzos ao redor dos problemas do sector, o que permite definir unha

planificación estratéxica e unha mellora conxunta dirixida a potenciar a competitividade do sector do granito de Galicia e a diferenciación dos produtos galegos. O desenvolvemento do presente convenio trae causa nos estudos e traballos técnicos levados a cabo ata o momento pola FCTGG, co apoio e a colaboración da ACG ao estar aliñado co Plan Estratéxico Sectorial, polo que se trata do ente idóneo para as actividades obxecto deste convenio.

Polo que, atendendo ao carácter singular que se deriva das excepcionais circunstancias nas que se realizan as actividades obxecto de convenio, concorren circunstancias que determinan a dificultade de promover a concorrència dada a finalidade e as características específicas das actuacións para realizar, para os efectos do establecido no artigo 19.4 e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e do establecido na Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, na que figura a aplicación orzamentaria 09.20.734A -781.1 do orzamento de gastos da Comunidade Autónoma para o ano 2017.

TERCEIRA.-OBRIGAS DA FCTGG.

A FCTGG levará a cabo as actuacións obxecto do convenio que se describen con detalle no anexo I ao mesmo.

Así mesmo a FCTGG deberá cumprir cos seguintes requisitos ou obrigas:

- A. Destinar o importe do financiamento do presente convenio ao obxecto e finalidade que se contén no mesmo no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2017 e o 20 de decembro de 2017.
- B. Comunicar a Consellería de Economía, Emprego e Industria a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- C. Facer constancia expresa da colaboración da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, incluíndo a imaxe corporativa institucional que esta lle facilite, en toda información e publicidade da actividade obxecto do convenio, difundíndoa de maneira adecuada e situándoa en lugar destacado e visible, de maneira suficientemente perceptible.
- D. Proceder ao reintegro, total ou parcial dos fondos percibidos e dos xuros de demora correspondentes dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- E. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- F. As obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

- G. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a beneficiaria está obrigada a subministrar á Administración, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I da citada lei.

Doutra banda, a FCTGG, mediante á sinatura do presente convenio:

- A. Declara responsablemente non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- B. Autoriza á Dirección Xeral de Enerxía e Minas para solicitar as certificacións emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, que acreditan que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas. A dita autorización estará en vigor durante a vixencia do presente convenio.

CUARTA.- OBRIGAS DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, por medio da Dirección Xeral de Enerxía e Minas entregará á Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia, en función do orzamento sinalado, a cantidade de OITENTA E CINCO MIL EUROS (85.000,00 €) para a anualidade 2017, con cargo á partida orzamentaria 09.20.734A. 781.1 do orzamentos de gastos para o ano 2017, para levar a cabo as actuacións descritas da cláusula anterior.

A distribución do orzamento é a seguinte:

GASTO SUBVENCIONABLE	IMPORTE (€)
RECURSOS HUMANOS	57.266,00
SERVIZOS EXTERNOS	12.591,00
MATERIAL FUNXIBLE	0,00
INVENTARIABLE	400,00
OUTROS GASTOS	2.400,00
CUSTES INDIRECTOS	12.343,00
TOTAL	85.000,00

Calquera modificación das cláusulas do presente convenio deberá ser solicitada á consellería, quen decidirá sobre a súa procedencia, e no caso de aceptarse se levará a cabo á súa formalización mediante a correspondente “addenda”, consonte ao artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sen prexuízo do anterior e sen necesidade de instar ningún procedemento, poderanse aceptar variacións nas partidas de gasto do proxecto subvencionado, coa limitación do 10 %, é dicir, admitirase como válido o gasto da cantidade concedida a un programa con un desvío

producido como máximo +/-10 %, sempre que non aumente o importe total do gasto aprobado e non se desvirtúen as características dos programas.

No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.

QUINTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2017 e a data límite de xustificación do convenio.

Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado neste convenio.

a. Recursos humanos: gastos de persoal, tanto da FCTGG como ao que se contrate especificamente, especificando a porcentaxe de dedicación ao mesmo.

b. Material inventariable: adquisición de equipos e instrumental precisos para a realización das actuacións ao amparo deste convenio.

Tamén se consideran neste concepto as licenzas e renovacións de licenzas de software específicas para o desenvolvemento do proxecto.

c. Servizos externos: contratacións con entidades externas necesarias para o desenvolvemento das actuacións ao amparo deste convenio.

d. Material funxible: Adquisición de materiais funxibles, compoñentes precisos, subministración e produtos similares para a realización das actuacións deste convenio.

e. Outros gastos relacionados cos proxectos, como gastos de viaxe, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica, os gastos de asesoría financeira, os gastos notariais e rexistrais, os gastos periciais (de ser o caso), os gastos de administración, os gastos de garantía bancaria (de ser o caso), sempre que se acredite que son gastos directos da actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma. Así como os gastos de auditoría relativos ao presente convenio.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- a) Os intereses debedores das contas bancarias.
- b) Intereses, recargas e sancións administrativas e penais.
- c) Os gastos de procedementos xudiciais.

O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación, salvo que se acredite a exención do mesmo e consecuentemente non resulte recuperable para o beneficiario.

f . Custos indirectos, serán subvencionables como gastos indirectos aqueles que non poidan vincularse directamente coa actividade subvencionada pero sen embargo sexan necesarios para levar a cabo a mesma. Se inclúen os custes xerais de estrutura que sen ser imputables a unha actividade concreta sexan necesarios para que a actividade se leve a cabo. Imputaranse á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no Real decreto lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou salvo que o gasto se tivese realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, realizarase conforme aos criterios de eficacia e economía, e no suposto de non recaer a adxudicación na proposta económica máis vantaxosa, deberán constar unha memoria na que se xustifique expresamente a elección do adxudicatario do contrato.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

SEXTA.- SUBCONTRATACION E OS SEUS LÍMITES.

A Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia, co obxecto de garantir a adecuada execución do convenio, comprométese a asumir a súa dirección, debendo proceder en consecuencia á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso á subcontratación dos servizos precisos para levar a cabo as actuacións establecidas, ata o 90 % deles, asumindo expresamente o contido dos límites e deberes establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 43 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita lei, sen prexuízo da aplicación da disciplina da contratación pública se a beneficiaria cumpre coas condicións do artigo 3.3 b) do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público para ser poder adxudicador.

No caso de cesión de datos, a entidade subcontratada cumprirá as esixencias do artigo 12 da Lei 15/1999, de Protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

De conformidade co apartado 3 do artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cando a actividade concertada exceda do 20 % do importe da subvención e o devandito importe sexa superior a 60.000 € a subcontratación deberá cumprir os requisitos seguintes:

- que o contrato se celebre por escrito.
- que a celebración do mesmo se autorice previamente pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

SÉTIMA.- MODOS DE PAGAMENTO.

O pago derivado deste convenio farase efectivo pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, previa xustificación dos gastos soportados pola Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia, segundo o establecido na cláusula novena deste convenio.

De acordo cos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, as achegas da Consellería libranse da seguinte maneira:

Poderase realizar un pagamento anticipado de ata un 50 % da subvención concedida, con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada, previa solicitude do beneficiario.

No caso de que o pagamento do anticipo supere os 18.000 euros, o beneficiario deberá constituír a correspondente garantía, nos termos do establecido no artigo 67 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro. O importe anterior enténdese referido á cantidade acumulada dos pagos realizados.

O segundo pagamento polo importe restante do anticipado, realizarase unha vez xustificada a realización das actuacións descritas na cláusula terceira, na forma e cos requisitos previstos na cláusula novena.

OITAVA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS.

Conforme ao establecido no artigo 37º do Decreto 11/2009 que establece o Regulamento que desenvolve a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, establécese a compatibilidade da axuda concedida neste convenio con calquera outra destinada ao mesmo fin, calquera que sexa a súa natureza e a entidade que a conceda sempre que, conxuntamente, non superen o custo da actividade subvencionada.

Así mesmo, de acordo co establecido no artigo 11º, apdo. d) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia a Fundación deberá cumprir co deber de comunicar á Dirección Xeral de Enerxía e Minas cantas axudas, subvencións, ingresos ou recursos sexan obtidas para financiar adicionalmente estas mesmas actividades.

NOVENA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN.

A data límite para a presentación da correspondente xustificación da realización das actividades do presente convenio será o 20 de decembro de 2017. Admitiranse os

xustificantes de gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2017 ata o 20 de decembro de 2017.

A xustificación da subvención por parte do beneficiario realizarase mediante a achega da seguinte documentación:

A. Certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do cumprimento da finalidade do convenio e da aplicación dos fondos destinados para tal efecto.

B. Declaración responsable do rendemento da conta xustificativa segundo o modelo recollido no Anexo II do presente convenio que inclúa o seguinte:

1.- Memoria xustificativa da actuación subvencionada asinada polo representante da entidade, que certificará a veracidade do consignado.

Especificará co máximo detalle as actividades realizadas e os resultados obtidos, así como a súa relación directa cos gastos realizados na execución dos programas financiados que se imputen á subvención, conforme á desagregación orzamentaria establecida no Convenio.

Incluirase un informe sobre o impacto da axuda da cara á finalidade perseguida e dos indicadores considerados para o cumprimento dos obxectivos do convenio.

No seu caso, achegarase un exemplar dos estudos ou proxectos elaborados, así como calquera entregable, material gráfico, folleto ou fotografías que se obteña no desenvolvemento de cada actividade

2.- Memoria Económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas por cada un dos traballos obxecto do convenio que conterá:

- Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pago. Esta táboa virá asinada e selada polo responsable da entidade. A relación de gastos figurarán por orde cronolóxica para cada tipo de actuación (ademais do formato papel entregarase formato dixital –folla de cálculo- de acordo aos modelos establecidos no anexo).

- Detalle coas desviacións acaecidas na execución do proxecto respecto do orzamento aprobado.

3.- Informe dun auditor de contas inscrito como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas. para cuxa comprobación se entregará xunto coa documentación xustificativa certificación rexistral de tal extremo.

O nomeamento do auditor farase por parte da Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia. No caso de que a entidade beneficiaria estea obrigada a auditar as súas contas anuais poderá nomear ao mesmo auditor encargado das contas anuais ou a un terceiro inscrito no ROAC.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa ten a condición de gasto subvencionable.

A actuación profesional do auditor de contas someterase ao disposto nas Normas de Actuación aprobadas mediante Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvencións, no ámbito do sector público estatal, previstos no artigo 74 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, así como as pautas establecidas no anexo II deste convenio.

O informe de auditoría alcanzará a totalidade dos xustificantes acreditativos dos gastos elixibles, así como a súa correcta emisión e contabilización. Se por calquera circunstancia, o auditor non puidese realizar na súa totalidade os procedementos previstos na Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, mencionaranse os procedementos omitidos con indicación da súa causa.

Deberá incluír mención a que o beneficiario facilitou tanta información solicitoulle o auditor para realizar o traballo de revisión. No caso de que o beneficiario non facilitase a totalidade da información solicitada, mencionárase tal circunstancia con indicación da información omitida.

Así mesmo incluírá resultado das comprobacións realizadas, mencionando os feitos observados que puidesen supoñer un incumprimento por parte do beneficiario da normativa aplicable ou das condicións impostas para a percepción da subvención, debendo proporcionar a información co suficiente detalle e precisión para que o órgano xestor poida concluír respecto diso.

O informe deberá ser asinado por quen o realizase, con indicación da data de emisión.

C. Xustificante das axudas obtidas ou declaración das solicitadas ou que se prevé obter para o mesmo investimento en calquera outra administración, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais; indicando a súa contía.

D. Declaración responsable do representante legal da entidade, asumindo o compromiso de custodiar a documentación xustificativa orixinal detallada nas relacións de gastos durante o período que resulte da aplicación do artigo 35 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e aportala cando sexa requirida polo órgano concedinte para a revisión e control da xustificación da subvención e no seu caso pola Intervención no marco das súas actuacións de control financeiro, ou polo tribunal de contas para as actuación prevista na súa lexislación específica en relación coas subvencións concedidas.

E. Declaración responsable relativa á titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento, en que conste a razón social e NIF, así como o código internacional de conta bancaria (código IBAN).

F. Declaración responsable do beneficiario das actividades subcontratadas, con indicación dos subcontratistas e importes facturados, declaración que incluírá unha

manifestación do beneficiario respecto das situacións previstas nos apartados 4 e 7 do artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

G. Declaración responsable relativa á situación da entidade en relación ao imposto sobre o valor engadido (IVE).

H. Declaración responsable sobre a natureza, contía e criterios de repartición dos custes indirectos.

Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que a Fundación Centro Tecnolóxico do Granito presentase a documentación solicitada, a Consellería de Economía, Emprego e Industria requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que conforme á Lei correspondan.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa, en relación coa xustificación do cumprimento do obxecto do convenio.

DÉCIMA.- CONTROL.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento da subvención.

Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas a función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ternos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, e ao deber de facilitar toda a información que estas lle requiran conforme ao artigo 40.1.h) do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

DÉCIMO PRIMEIRA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Fundación Centro Tecnolóxico de Granito de Galicia, nomearán cada unha un representante para realizar o seguimento e control do establecido neste Convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- CONFIDENCIALIDADE.

A FCTGG comprométese a manter a confidencialidade de toda a información facilitada que haxa devandito carácter.

Cando a FCTGG desexe utilizar algún dato que teña carácter de confidencial para a súa publicación ou difusión, deberá solicitar a autorización da Consellería.

DÉCIMO TERCEIRA.- RELACION LABORAL COA CONSELLERÍA.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades para

desenvolver no presente convenio e a Xunta de Galicia, de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMO CUARTA.- AUTONOMÍA DA BENEFICIARIA.

A FCTGG manterá a súa autonomía respecto da Administración, o que supón que, a pesar de que a actividade dos mesmos favorece o interese xeral, a Administración non percibe a cambio da súa entrega, e cunha vinculación de carácter casual, unha vantaxe ou beneficio que afecte de forma directa a aquelas actividades que a Administración debe asumir como propias no exercicio de competencias que as normas lle atribúen.

O beneficiario obrígase a poñer a disposición de calquera interesado os resultados do convenio segundo o establecido no ANEXO I do presente convenio.

DÉXIMO QUINTA.- VIXENCIA.

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e esténdese ata o 31 de decembro de 2017. Consonte ao recollido na cláusula terceira apartado A), admitiranse actividades do presente convenio anteriores á súa sinatura levadas a cabo dende o 1 de xaneiro de 2017.

DÉCIMO SEXTA.- MODIFICACION.

Poderase acordar a modificación deste convenio, por instancia do beneficiario, sempre que presente a solicitude de modificación con anterioridade á data de finalización do prazo de xustificación do panel de actuacións obxecto do convenio, e cúmplanse os seguintes requisitos:

1. Que a modificación do proxecto ou actuación demostrativa estea comprendida dentro da finalidade establecida neste convenio.
2. Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.
3. Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de concorrer na concesión inicial, non supuxesen a non realización deste convenio.

O acto polo que se acorde ou denegue a modificación da resolución será ditado polo conselleiro de Economía, Emprego e Industria logo da instrución do correspondente expediente no que se lle dará audiencia ao interesado.

